


# 2017 Feliz irmandade...




# ...en proceso

# A foto que fala

NUNCA MÁIS, NINGUNHA MÁIS

Finalizamos o ano 2016 en Galicia con máis crimes machistas. Unímonos á mensaxe do IES de Arzúa nas actividades que alí organizaron con motivo do recente día internacional contra a violencia machista. Xa abonda, nunca máis, ningunha máis.



## O trasno 2017 Contra a síndrome de apocalipse

Daniel López Muñoz



Cando a vitoria de Trump, escoiteille a alguén moi próximo e querido e en idade de procrear algo así como “a este mundo non quero traer fillos”

E coa que está caendo con isto da fecundidade e a demografía galegas en caída libre pois é o que nos faltaba, que a lousa da actualidade mundial máis negra servise para amolarnos máis. Agora xa non se trataría do ben estudado factor do atraso do primeiro fillo, ese dato de que as parellas agarden como media ata os 35 de idade para a súa estrea parental. Xa non

sería, tampouco, que nunha porción maior ca nunca nos últimos decenios a nosa xente nova e fértil teña que buscar a vida fóra de Galicia; nin sequera que cada vez poña máis respecto iso de educar fillas e fillos nunha sociedade que lles inocula o principio tirano do “quero todo aquí e xa”

Non. Vaites. Ademais de todo iso e doutras cousas,

agora vai resultar que só se van permitir o luxo de teren fillos os que comungan cos neonazis ou os que, sen entusiasmo, aceptan calquera cousa que pase mentres haxa calimocho, facebook e conexión de 200 megas.

E algo así albisco. Na xente nova *progre*, digamos, hai, alí no fondo, unha síndrome apocalíptica e un déficit de esperanza.

Si, de acordo, o cambio climático traerá crises e comerá praias e illas; os consorcios económicos anónimos que dirixen a economía seguirán tra-

tando de estafarnos e transferir inxentes cantidades da esfera pública, a regulada e controlada, á esfera privada, opaca e paradisíaca. E odesatino do odio ao diferente seguirá librando a súa batalla, cabalgando no lombo do medo, para facerse dominante.

Ben. Tamén podemos organizar un haraquiri colectivo na praza da Quintana. O 25 de xullo, despois das manis. E que limpen eles os nosos restos.

Sempre sobran razóns para renderse. Pero sempre sobran razóns, por veces as mesmas, para seguir adiante, nesta historia contradictoria de luscos e fuscos. De acordo que os relatos sobre o sentido están en crise, sexan políticos ou relixiosos. Se o de atrás non lles vale, terá a xente nova que reconstruír un apoio para o espírito combativo e para a fe en que a vida, a tenrura e a solidariedade van ter, teñen que ter, a última palabra.

Pero teñen que facelo eles, a xente nova. Porque a síndrome apocalíptica esteriliza e, no fondo, está inducida, provocada, por intereses ben concretos e perversos.

# Editorial Epifánico 2017

A Epifanía dos Reis é un dos símbolos relixiosos con maior carga emocional do cristianismo. Por uns segundos, invertemos a orde das cousas e contemplamos o poderoso axeonllarse ante o feble. Esa imaxe, que repetimos ata a saturación en tantas casas a través dos beléns, devólvenos a esperanza na utopía, nun mundo no que xiramos a nosa ollada cara o débil sen valados de por medio.

A esencia da Epifanía consiste en descubrir a humanidade como próxima, como irmandade. Porque se existe un Deus que é pai, e que nos di que o seu fillo é humano, dificilmente podemos allearnos do resto da humanidade. A única forma de que exista Deus é que os humanos sexamos irmáns. Porén, as cousas non son así. As relixións sepáranos, a raza sepáranos e a clase social tamén nos separa. A riqueza sepáranos.

O mesmo éxito que nos levou a saír da penuria económica na que viviron os nosos avós, convértese en fracaso ante a enorme resistencia que mostramos ao reparto desa riqueza. As propostas de cambio político que nos fixeron soñar con outra forma de facer política cauterizáronse ante a súa incapacidade para dialogar cos próximos. Os odres nos que viñeron resultaron ser demasiado vellos para crear outra forma de facer política. Polo menos, polo de agora. E as cousas parece que non queren mudar.

Con todo, 2017 pode ser epifánico. Pode ser manifestación do país que queremos. E se a través da política non vén a salvación, pode que sexa que esta teña que vir a través da propia vida e da forma de relacionarnos entre nós.

Os tres orientais tiveron a inmensa capacidade de ver aquel día algo máis ca uns paisanos nun palleiro. E aínda que non fose certo ese anaco de historia, é unha fermosa ficción epifánica, unha manifestación de todo o divino que hai no ser humano. Algo que descubrimos acotío no sorriso dos cativos e que se nos esquece con demasiada facilidade cando a xélida razón material nos castra o afecto polo próximo.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

Vin hai uns días un vídeo no que aparecen un rabino e un bispo cantando. Nese vídeo felicítanse as súas correspondentes festas. Musicalmente, o vídeo é moi pobre, pero é moi significativo. Todo un desexo de paz real baseado na bondade e no respecto. Son novas que non saen na prensa. Son rumores.

Porén, moito se fala dos cardenais que se enfrontan ao Papa Francisco. Non permiten que se saia da ortodoxia. Pero este Papa é de revolución silenciosa imparabile. Non está facendo máis ca aquilo que é normal nas nosas comunidades e parroquias. Divor-

ciados que comungan, homosexuais que non son xulgados...


Que queredes que vos diga? A estas alturas da miña vida, non vexo a Deus moi preocupado por cuestións dese tipo. Eu vexo a Deus preocupado pola xente que foxe da guerra ou

polas mulleres maltratadas ou asasinadas.


Cando leas isto, estás a piques de abrir o agasallo do ano novo. Un ano noviño, do trinque, que de seguro será especial porque ti o vas facer especial. Feliz 2017!



1



3



2



4



## A peneira

1

**CUBA** comeza o ano celebrando a Revolución. As exportacións de 128 empresas medraron un 14%: coches, maquinaria, alimentación... Sen dúbida, empurrados polos 30.000 galegos da illa. Porén, a automoción galega recúa un 20%, por baixo da media española dende a crise.

2

Na xornada da **PAZ**, o 1, denunciámos que España é o sexto exportador mundial de armas (Turquía, Arabia Saudí, Francia...) incrementando os gastos de 2 billóns de dólares en armas no mundo, que alimentan 34 conflitos armado.

3

O **MUSGO** é unha planta moi antiga, con moitas especies, algunha en risco de desaparición. Porén, nin o Nadal pode machucalo. A USC organizou o certame "Vixía o teu aire" dende Biovía, medindo a contaminación con musgo e analizando o aire captado despois dun tempo de exposición.

4

A iluminación excesiva do Nadal enferma as criaturas e atenta contra o seu espírito franciscano. Priva da **ESCURIDADE** necesaria para o acougo e contamina ata o punto de non deixar ver as estrelas que convidaron os magos de Oriente a buscar os tempos novos que abrollaran en Belén.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O consumo do Nadal obriga a educarnos coma adoita o grupo DesPensa, no Val Miñor. Fano buscando a sostibilidade do medio e a saúde dos consumidores, sabedores de que no aire contaminado pode haber elementos canceríxenos coma no tabaco e na mala **ALIMENTACIÓN**.

6

Brindamos polo 2017 co **VIÑO** novo da Ribeira Sacra que está a fornecer arestora as nosas mesas, coa nova colleita de catro millóns de litros das súas 89 adegas. Uns viños mozos e frescos coma o ano que estreamos. 88.000 litros, a metade do exportado, agasalla o Aninovo nos EUA.

7

Os Belenistas de Lugo cumpren 60 anos, pero é a Terra Chá a máis vizosa. Temos as "Paxoliñas" de Manuel María, os "nadais" dos autores do Seminario de Mondoñedo, o belén electrónico de Begonte ou o que berra contra as inxustizas, en **MOMAN**; tamén a árbore máis senlleira, a pravia de Vilalba.

8

O 28 celebramos o centenario de **CANTIGAS** da Terra, nacida grazas ás Irmandades da Fala, que seguen a ser exemplo de unión para manter vivo o noso. Reivindican o recoñecemento coma nación mesmo ante a Sociedade de Nacións de Xenebra, algo aínda boicoteado cando están a falar da reforma da constitución do 78.

# Boa Nova



## DOMINGO 8 DE XANEIRO. EPIFANÍA DO SEÑOR

### A PALABRA. Mt 2, 1-12

Xesús naceu en Belén de Xudea, en tempos do rei Herodes. E nisto uns magos de Oriente chegaron a Xerusalén preguntando: «Onde está o Rei dos xudeus que acaba de nacer? Porque vimos saír a súa estrela alá no Oriente, e vimos para lle rendermos homenaxe.» Oíndo isto, o rei Herodes alporizouse, e con el toda Xerusalén. Convocou a todos os sacerdotes e letrados do pobo, para lles preguntar onde tiña que nacer o Mesías. Eles responderon: «En Belén de Xudea, que así o deixou escrito o profeta: E ti Belén, terra de Xudea, de ningún xeito es a máis pequena, entre as vilas de Xudea, que de ti ha saír o guía que será o pastor do meu pobo Israel.» Entón Herodes, ás agachadas, chamou aos magos, para se informar ben de cando lles aparecera a estrela. Logo mandounos a Belén, dicíndolles: «Ide e informádevos ben do que hai dese neno; e unha vez que o atopedes, avisádeme, para ir eu tamén a lle render homenaxe.» Eles, despois de oíren ao rei, puxéronse en camiño. E, velaí, a estrela que viran saír no Oriente foinos guiando até se deter enriba de onde estaba o neno. Grande alegría sentiron ao veren saír de novo a estrela. E cando entraron na casa atoparon o neno con María, súa nai. Prostráronse e renderónlle homenaxe; logo, abrindo os seus tesouros, ofrecéronlle coma regalo ouro, incenso e mirra. Logo, avisados en soños de que non volvesen por onda Herodes, saíron para a súa terra por outro camiño.

## A PALABRA

## O ECO

Unha vez escoitei dicir a alguén que, se non estivese grabado en televisión, hoxe fariáanos crer que o intento do golpe de estado de Tejero non existiu. Isto de reinventar a historia, de rescribila, non é algo novo. Non sei se Mateu tiña isto en mente, mais iso de contar a historia a Boa Nova de Xesús, ía parecer un conto de vellas contado á luz do candil. Non sei se por iso insistiría que Xesús naceu en Belén de Xudea, nos tempos do rei Herodes.

J.A. Martínez

## A CLAVE

A Epifanía é o relato no que Xesús pasa do ámbito privado ao público, indo máis aló da parella formada por Xosé e María. Así é tamén no noso tempo: os embarazos teñen a súa principal repercusión na esfera do privado, o nacemento colócanos como persoas na Historia. Mateo fainos ver a Xesús nun momento concreto da historia, e non so nela, senón tamén no alto do Ceo, en Oriente, no pazo de Herodes... E entrando na historia, Xesús dá que falar a sabios e poderosos.

Os magos (maila nos ser xudeus) recoñecen a Xesús como Mesías porque son quen de ver a súa estrela, o ronsel que deixa o seu paso pola historia. Non dubidan en deixar as súas cadeiras e sabios, en desacomodarse e apuntarse ao seguimento só pola ledicia que invade os seus corazóns cando o Reino se fai presente, cando a noticia do nacemento chega aos seus ouvidos. Herodes, e con el toda Xudea, sobresáltanse e non dan creto, pero non se conmoven, non se poñen en marcha, non experimentan gañas de mudar, de ser diferentes, de desacomodarse.

Na Epifanía, os magos volven ao sendeiro do Reino recoñecendo a Deus na alegría que enche os seus corazón cando de novo avistan a estrela. A proba palpable da presenza do Reino é a alegría que abrolla no corazón. Non quero deixar pasar a conexión desta alegría coa frase coa que Mateo pecha o seu Evanxeo: "asegúrovos que eu estarei sempre convosco, ata o fin do mundo".

Que así sexa

Marisa de Corme




# O peto común

Xa nos acompaña o inverno, pouca choiva, algo de frío e aínda raiños de sol. Dá gusto quedar no sofá gozando da lectura, ou da boa compañía.

O mércores día 14 fomos á presentación do libro *Filocalía de los padres népticos*, de Juan María de la Torre. Na presentación falaron Paula de Armenteira e Juan María. Paula, coas súas palabras, encheu a sala de beleza e amor; Juan María, de sabedoría. Penso que o libro é moi interesante para adentrarse no silencio, o autoconecemento e a harmonía interior. Ao mellor, é unha idea de agasallo para este Nadal. Nós xa fixemos unha lista de libros que desexamos devorar. E é que un bo libro é un bo agasallo para calquera idade. Oxalá se vendesen menos bonecas esqueléticas, robots horrendos e se consumise máis cultura. Bo Nadal!


Oxalá se vendesen menos bonecas esqueléticas e se consumise máis cultura



## O CARRABOXO por ROBE LOIS



Marta Sopena



Ramiro, na súa casa, coa ría de Noia ao fondo

*O salón da súa casa é unha porta que abre cara ao mar. Tes os pés no Son e a vista toda pousada na ría. Muros, Esteiro, O Freixo... Toda unha topografía que arrecende a salgado. Ramiro Pouso medrou e viviu con estes decorados. Galopando sobre as ondas que van e veñen entre Galicia, País Vasco e Terranova. Moito mar do Noso Señor como para non saber onde empeza el e onde acabas ti. Soamente os anos e un accidente co motor precipitaron a chegada da seca. Aínda así, mantén o bote amarrado. Para iso, para non ter que soltar unhas amarras do que foi a súa existencia.*

Eu son Ramiro Pouso. Miña nai chamábase Alcira e non vivía do mar. Era xastra, non costureira. Facía traxes. Había homes que non querían outros pantalóns que non fosen os que confeccionaba Alcira. Traballou en dúas xastrerías de aquí, do Son. Por iso a chamaban “a xastra”. Meu pai viña de casa labrega pero non camiñou polos regos que marcan os arados. De feito, tivo na man os papeis todos para marchar á América. Doullos ao seu irmán maior e el quedou na Terra porque quería casar con miña nai e vivir do mar. Botou a vida toda en barcos de pesca. Facendo de fogueiro cando os barcos andaban a

maiores, de 13-14 anos só había 4 ou 5, preguiceiros que non querían traballar. Teño o acordo de que o mestre, cando nos castigaba, rabuñaba na area do barrotillo da parede e nola poñía baixo dos xeonllos e tiñamos que estar cos brazos en cruz con malletas de cartón enriba deles

E ti xa non querías estudar

Aos 12 anos volví coller os libros. Un capelán da parroquia puxera en marcha unha escola de noite para os que traballabamos no mar. Solicitou ás autoridades que puxeran mestres e os mesmos da escola pública impartían as clases. A min dábanse ben as matemáticas. Lembro que unha

## Teño 2 fillos, non asistín ao seu nacemento, enterábaste polo armador

carbón e de engraxador cando veu o fuel e o gasoil. Tamén meu sogro andou no mar; primeiro na pesca e logo na mercante.

E ti cando empezaches con esta lea? Nacín no Son, o 22 de abril do 1939. Aos 11 anos xa me metín no mar. Tiña un veciño que andaba cun bote. Fun canda el unha noite, toda a noite ao palangre. Cando cheguei de cedo á casa miña nai a chorar porque non sabía nada de min, e aínda máis cando lle dixen que non quería ir máis á escola, que xa tivera bastante. Principiara nela con 6 anos. Eramos 60 rapaces. Todos mesturados, aínda que

vez no lle quixen facer un problema ao mestre porque me parecía moi doado de resolver. Foi un reto á autoridade que case me custa a expulsión. Falaron con miña nai e acabeino facendo para que non me botaran. O caso é que andei na escola de noite ata os 14 anos. Chegando a esa altura fun a Noia buscar a libreta para enrolarme. Daquela comezábamos de moi cedo. Incluso había homes propietarios de botes pero non atopaban xente para embarcar. Botaban man dos fillos menores de 14. Tiñan que asinar un papel no que se responsabilizaban deles no traballo. Este fío tráeme o caso dun irmán meu que andando





nos traballos na Praia accidentouse. Atendeuno un bo médico que era republicano e a quen lle quitaran o título. Coseulle ben a ferida pero non ousou poñerlle a inxección do tétanos porque se a doenza se reviraba podía saberse e habíánlle ir enriba. Meu irmán morreu con 12 anos. Foron tempos.

E no mar, a que andabades?

Andabamos ao axexo para a sardiña, e ao medio mundo para o xurelo. Cando andabas ao axexo largabas á tardiña ou tamén de alborada, sobre as cinco da mañá. Tratábase de que o peixe non vira a rede, que era máis gorda por ser de algodón. Iamos pescar cando non había lúa ou era pouca. Necesitabamos da escuridade. Un home púñase na proa cun pandullo de un quilo e medio, máis ou menos, que ía atado a unha corda e batía no mar cando llo indicaba o patrón. Co golpe o peixe, se o había, asustábase e botaba a correr, daquela parecía que “ardían as augas”. Así sabías se había peixe ou non e se tiñas que largar.

E así ata cando?

Non moito. Con 17 anos marchei para “Pasajes”, no País Vasco. En xullo do 56. Embarquei no trío. Unha compañía que tiña 3 barcos. Anos despois, con 19, fun ao servizo. A Ferrol. 2 anos na “marina”. Ao remate, volta ao trío ata o ano 64, que marcho para o bacallao. Coas “parellas” (sempre iamos dous barcos á xunta) a Terranova.

## Esas ausencias tan prolongadas rachan coas vidas (Filucha)

A cada paso máis fóra?

As mareas duraban 4-5 meses. Viñas a terra 12-15 días e... volta ao mar. Na marea de inverno, a que cadraba co Nadal, botabas un mes. No primeiro andei de mariñeiro e logo xa de contramestre. Era o encargado de organizar os traballos da tripulación.

Como era a pesca en Terranova?

En cada barco da parella iamos 22 homes. Traballabamos a quendas. Primeiro largaba un barco e logo o outro, cada un co seu lance. Cando o peixe subía a bordo escabezábase, quitábase a tripa e as arganas, logo salgábase e para a bodega. Nos primeiros non había frigorífico e procesábase todo a man. Por veces, perdíase parte da pesca xa que non daba tempo

a procesala, púñase o peixe negro. Daquela parábase e botábase o que quedaba ao mar. Despois xa viñeron as máquinas e adiantábase moito no traballo, tamén as cámaras de frío. Claro está que o peixe conxelado non ten o sabor do peixe da salgadura.

Que se che facía máis duro do traballo?

As xornadas de 34 horas sen deitarse, cando viña moito peixe. Descansabas 2 horas e volta. Tamén cando había que picar o xeo en cuberta. Estabamos a 14 baixo cero. Co xeo o barco pesaba tanto que perdía estabilidade e podía ir a pique. Había logo que picalo. Era tanto o frío que o peixe cando o quitabas da auga conxelaba ao momento.

E a familia?

Teño 2 fillos. Non asistín ao seu nacemento. Cando eles viñan á vida, eu marchaba para o mar. Enterábase polo armador, que chamaba ao barco. Cando naceu o maior, andaba no bacallao. Viñen polo Nadal e el nacera en outubro. Tiña 2 meses. O segundo naceu en febreiro e eu marchara en xaneiro.



○ Rocho, primeiro pola esquerda

# Xente de aquí

Marta Sopena

## Conversa con Ramiro Pouso, moito mar do Noso Señor



Filucha, como vivía estes lances a muller do mariñeiro?

Foi unha vida difícil. El a traballar arreo e eu moi soa. Os rapaces enteiriños para min. Ao primeiro, cando estreas vida e amores tes ilusión abonda e valo levando. Logo, fatigas. Acabas por non saber quen é o outro. Esas ausencias tan prolongadas rachan coas vidas. As mulleres daquela viviamos coma emigrantes. El xa ten a maleta cansada. Eu quero moverme. A miña maleta quere bulir. Sempre me dicía que cando se xubilase habíamos viaxar... O encontro con *Irimia* e coa xente que anda ao redor da idea abriume mundos. Foi un renacemento, un cambio de vida. As Romaxes, os sábados bíblicos de Bastavales. Foi unha liberación. Cambioume o chip de moitas cousas. Collín independencia. Comecei a pensar en por min. Foi difícil. Pero agora estamos ben. Respectámonos e sentímonos a gusto.

Por qué traballaches maiormente fóra de Galicia?

En Galicia non quería pescar. Era un abuso. Aquí dábanche 7 días por mes traballado; no País Vasco, 14 como mínimo. Aquí a cotización era un lixo e a cobertura por accidente unha penuria. Nun mesmo caso, a indemnización no País Vasco era de 57.000 pesetas e en Vigo 14.000. Aquí

era frecuente atopar xente que estaba enrolada e tiñana sen dala de alta, enganada. A sorpresa viña logo coa xubilación. Ao meu pai pasoulle coa cobertura do seguro médico. Aquí dixéronlle que non contaba con ela e no País Vasco ofrecéronlle 3 meses pola seguridade social e outros 3 polo Montepío. Así era Galicia. Andando no bacallao, no País Vasco, sempre cobrei en tempo e forma o paro. Aquí

## Cando me xubilei... no bote e a pescar

sempre aparecían problemas: falta de pago, atrasos...

Como ves agora o asunto do mar?

Os barcos grandes aínda van librando. Tes un salario fixo, unha seguridade social. Aos pequenos non lles vexo xeito. Non hai salario fixo. O que gañas depende do peixe que entra, pero non dás sabido a como se vende ese peixe e polo tanto quen anda sempre vendido es ti. Nesta pesca non hai futuro, por iso a xente de aquí non vai ao mar. Por outra banda a cultura do consumo na xente nova non axuda. Nin gañan nin aforran.

E de xubilado... que?

Xubileime no 96, con 57 anos de vida e 45 de mareas. Cando me xubilei... no bote e a pescar. Xa cando traballaba no mar tiña un bote, o Lisboa. Chegaba da marea de Terranova e á maña seguinte ía pescar na ría.

Cando aínda traballaba eu xa lle dicía (comenta Filucha): Ai ho, e non virás farto de mar! E el contestábame que o bote era para vivir, que o outro era traballo. Incluso houbo ocasións en que puidemos e mais matinamos en comprar un barco. Pero a Ramiro non lle vai a xestión, o negocio; o traballo apegado ao mar é o seu modo de vida.

Así é. Despois do Lisboa comprei o Rocho (continúa Ramiro). Xa de xubilado, ás cinco da mañá erguíame para ir ao mar. Volta sobre as 2 da tarde para xantar, unha sestiña... e día listo. Ata que perdín a man dereita nun accidente co motor do bote. A xubilación non me apartou do mar. Os anos e ese percance si que me botaron ao seco. Despois diso, ao primeiro sufrín moito. Agora xa me fun afacendo. Procuo andar, vou enredar no bote, gustaríame ir ao mar... e non podo. Teño o neto, iso si. Gusto moito de estar con el e el canda min. Dámonos moita alegría. O malo é que o teño algo lonxe. De cando en vez vou velo. Tamén me gusta cociñar, os traballos da casa, pasar o ferro... aínda que isto último xa non o podo facer. Encántame o peixe ao forno. O pinto e o sargo son para min os máis gorentosos.

Despedímonos na cociña. Cando renovaron a casa fixeron as estancias nas que fan máis vida mirando ao monte. Demasiados anos axexando ao mar en días de temporal. Agora o discorrer das súas vidas está en calma, coma a lentura das hortas que miran dende a ventá.

Hans Magnus Enzensberger reúne no libro tres ensaios: “La gran migración”, “Perspectiva de guerra” e “El perdedor radical”

Son de 1992 ata 1996 pero semellan escritos antonte para o mundo de hoxe. Acompáñanse dunha parábola final, “La teocracia olvidada”

Vai e volve o péndulo da historia. Os conflitos que latexan en cada un destes ensaios están aí: as ondadadas de inmigrantes, o terrorismo con raíces en credos, os conflitos armados onde loitan os guerreiros pero os civís sempre poñen os mortos.

A situación idílica das democracias ricas, apoiada no diñeiro e no poder, xa non é intocable. Porque a casa común é compartida por unha única familia humana. De condición inmigrante. Onde o delirio e os dogmas se transforman en crueldade, sangue e destrución. Onde os prescindibles

e ‘desechables’ sempre poñen as vítimas. Onde o 1% non pode vivir parasitando ao 99%. Onde as discordias impiden vivir convivindo nun planeta de estatura humana.

Que estes tres ensaios sobre as discordias sexan tan ferozmente actuais é mal sinal para o pequeno planeta, casa común mal repartida. E dúas respostas equivocadas: negar os conflitos

### Semellan escritos antonte para o mundo de hoxe

ou deixalos nas mans aventureiras de populistas e demagogos, frautistas de Hamelin aos que seguen os medos. É xusto o que estamos a facer con estas feridas mal curadas, sempre latentes. Ao escritor non lle gusta este mundo.

H. M. Enzensberger



### Ensayos sobre las discordias

ANAGRAMA  
Colección Argumentos

Non nos gusta este caixón de xastre onde a desorde causa tanta dor. Pero desde a cólera que rezuman os textos emerxen posibilidades de solución.

‘Ensaio sobre as discordias’ de H. M. Enzensberger, poeta e pensador, autor teatral, filósofo e ensaísta, un intelectual comprometido que escribe así de ben. Así de acertado.

### IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíao á Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escribenos a [irimia@wanadoo.es](mailto:irimia@wanadoo.es) ou [subscripciones@asociacion-irimia.org](mailto:subscripciones@asociacion-irimia.org)

NOME: ..... APELIDOS: .....  
ENDEREZO: .....  
CÓD. POSTAL: ..... CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: .....  
TELÉFONO ..... CORREO ELECTRÓNICO .....

**QUERO SER SOCIA/-O:** 3 €   
**QUERO SUBSCRIBIRME:** Ordinaria: 30 €   
De apoio: 45 €  Subscripción anual (22 números)  
**QUERO SER 60x100:** 60 €

**DOMICILIACIÓN**  
BANCO OU CAIXA E AFORROS: .....  
DOMICILIO DO BANCO: ..... CÓD. POSTAL: .....  
CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: ..... TITULAR DA CONTA: .....

Nº de CONTA: \_ \_ \_ \_ / \_ \_ \_ \_ / \_ \_ \_ \_  
Sírvese atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En ..... a ..... de ..... de 201 .....

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.  
Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822



# Horizonte universal

a metamorfose do cristián e o voo das CCP

Santi Villamayor

*Resultado das Xornadas de reflexión das Comunidades Cristiás Populares de España (CCP), que tiveron lugar no mosteiro de la Vid (Burgos) entre 21 ao 23 de Outubro de 2016, o autor expón as súas consideracións sobre o tempo de mutacións, metamorfose, que está a experimentar o cristianismo.*



Nas Xornadas de reflexión das CCP-España deixouse sentir en xeral un ton de nostalxia ou sensación de acabamento: comentarios frecuentes sobre como cada vez somos menos, máis maiores e sen continuidade. Algúns até falaron de defunción, de apagar a luz. Outros falamos de refundación. palabra altisonante, mais indicativa dun cambio, ou mellor, dunha mutación. Estamos nun paradigma posrelixional e possecular, que abre un horizonte universalista de esperanza que inclúe, certamente o noso final, mais tamén o comezo de algo novo universal. Vivimos un momento privilexiado por esta mutación, tan relevante, do cristián.

Esta sensación de fin podemos relacionala coa que temos, en parte, cos fillos. En xeral, apenas seguiron a nosa traxectoria cristiá e social coa radicalidade coa que nós a vivimos. Ben é verdade que moitos se deron incondicionalmente aos movementos de liberación e solidariedade e até algúns son activistas enérxicos ou cargos políticos e posúen unha formación e uns valores moi encomiables. Mais non son explicitamente cristiáns, nin os seus mundos se centran no relato cristián. Están noutra cultura e abandonáronnos, como nós

tamén antes nos apartamos do nacionalcatolicismo español ou do catolicismo preconiliar en xeral; outros, do comunismo.

Non se trata da fin das comunidades de base, senón que o seguimento de Xesús e a cultura de agora é outra cousa. Por iso hai que falar de mutación, que abrangue a especie enteira e moitos ámbitos da vida e do pensamento. Podemos coller o símbolo das metamorfoses nalgúns seres vivos para expresar mellor esa intuición de futuro que nace do pasado que morre.

## Pasamos do cristianismo progresista , “revolucionario”, para nos internar no humanismo posrelixional

Sen seguridade ningunha, por suposto. A nosa desaparición progresiva é como a desaparición da eiruga que se transforma en bolboreta e bota a voar. É morte, si, mais tamén cambio.

### UNHA ERA DE MUTACIÓNS

Fomos e somos testemuñas e actores de dúas grandes mutacións do cristianismo no último século. A primeira

foi a conversión aos pobres: desde unha relixión rancia, dogmática e sobrenaturalista, cargada de moralismo e represión, nacemos ao mundo dos pobres, ao compromiso sociopolítico, ao vitalismo e á liberdade de conciencia. Foi representada na “teoloxía da liberación”, sendo a nosa orixe como comunidades de base.

A segunda está tendo lugar nestes últimos quince anos e oriéntase cara á plena autonomía do humano e a universalidade da esperanza. Recolle as primeiras intuicións da teoloxía da

secularidade e da “morte de Deus” dos anos 1960 e penetra con rapidez e profundidade no gran cambio de paradigma científico e cultural da nosa posmodernidade. Primeiro a razón, o consenso, o impulso do ben, a propia refutación; e logo a crenza, a verdade e o sistema. Na primeira conversión baixamos á terra dos pobres e aproximámonos á esquerda social. Agora, sen abandonar esa preferencia, es-

tendémonos a toda a terra, á secularidade e á inmanencia, ao valor deste mundo, ao diálogo con outras mentalidades e sabedorías e, sobre todo, ao consenso crítico cos non crentes, a ciencia, o ecoloxismo, o gusto pola vida, etc.

O embrión da fraternidade, a posibilidade dun amor incondicional latente na mente humana rompeu a casca en Xesús de Nazaré, procesionou durante séculos por todas as hortas, contaminándose e adentando todas as especies mentais, facendo ben a unhas e tamén devorando a outras e encapsulouse no poder. Agora rompeu xa a polpa e voamos libres. O ideal da democracia e dos dereitos humanos, a responsabilidade polo planeta e a inclinación cara aos dependentes e os pobres, aínda que non se realicen do todo (ou mesmo parecen maiores), marcan unha aurora de dignidade na que nós contribuímos buscando sempre máis a efectividade no mundo que fortalecer a nosa organización. Xa non é tanto o tempo de levar o evanxeo ao mundo, e menos na súa forma eclesial, canto o de suscitar o paradigma evanxélico que xeme como posibilidade no mundo. É momento de desenterrar a divindade que a intransixencia relixiosa afoitou en moitas persoas. Ese deus sen nome e con moitas imaxes, ou tamén divindade ausente.

O paradigma cristián, o dunha humanidade plena, nace do bo corazón descrito pola elevada moralidade de Xesús. Esa perspectiva ou “fe”, crenza de “esperanza e caridade”, inaugurada por Xesús mais non exclusiva, está diseminada e poliniza xunto con outros voadores todas as flores do campo humano e do planeta.

As chamadas humanistas e evanxélicas xa non están no culto, nin nos símbolos ou linguaxes sagradas, nin mesmo en “comunidades cristiás populares”, senón máis ben nas rúas, pra-

zas e redes. En cafés, blogs, xornadas de reflexión e, sobre todo, na voz que xorde dos actos solidarios. Só hai que inducir os partos.

### **QUE FACER CANDO ISTO OCORRE E TEMOS 70 ANOS?**

Deixar pasar, abrir a porta e suxeitala. Estar no que estamos, sen claudicar ou nos ilusionar, contentos dos fillos sociais, morrendo a gusto e vivificando os novos rostros da huma-

munidade morra sen se disolver na marea humana; axudemos a superar as escisións políticas, a abandonar os costumes parvos, a rescatar as impotencias,... Nunha palabra: animar o bo vivir, sinxelo, solidario, liberador, ecosocial e personalista que inclúe unha dose suficiente de felicidade motivadora e con ela sabe esperar no seo dunha evolución que se sabe lenta, cósmica.



## **Podemos morrer en paz porque sabemos que hai continuidade**

nidade. Sen capela propia no variado mar común onde hai cargueiros, pescadores, veleiros, cruceiros, buques de guerra, migrantes, náufragos e algúns rescatadores.

Abandonar a linguaxe xudía, o relixioso. E voar.

Fortalecer o vigor de esperanza e a formación nos ámbitos onde se constrúe a humanidade. Que ninguén decaía porque non se conseguen as cousas, que ningún partido político se endeuse, que ningún sindicato desfaleza, que ningunha parroquia ou co-

Non desprezar a tradición, o noso berce. Agradecela e superala dialécticamente. Ser cariñosos cos nosos maiores de razón (non necesariamente maiores de idade) respectando a súa fixación na relixión, a revolución, o positivismo ou o desengano invernal propio da senectude. Outro modelo cristián naceu, un fillo foinos dado; agora o noso desalento ten un novo aire que respirar. Podemos morrer en paz porque sabemos que hai continuidade, a dignidade avanza sobre a barbarie, a divindade ausente bótase en falta.

# O noso taboleiro

## Liquidación de libros da Editorial Sept

A Asociación Encrucillada ofrece diversos títulos da Editorial Sept. Quen os desexe, pode solicitalos a través do correo [revista.encrucillada@gmail.com](mailto:revista.encrucillada@gmail.com). O prezo é de 5 euros (para cubrir os gastos de envío).

Título	Autor
DO TERROR DE ISAAC O ABBA DE XESUS	Andrés Torres Queiruga
DIALOGO DAS RELIXIONS E AUTOCOMPRESION CRISTIA	Andrés Torres Queiruga
REPENSAR A RESURRECCION	Andrés Torres Queiruga
INFERNO E GLORIA	Celestino García Romero
CHORIMAS	Manuel Regal Ledo
BENQUERIDOS AMIGOS	Manuel Regal Ledo
CO EVANXEO POLA MAN	Manuel Regal Ledo
O INTELLECTUAL GALEGO E DEUS	María Luísa Brey
HISTORIA DA IGREXA GALEGA	Varios
GALEGOS E CRISTIANS	Victorino Pérez Prieto
AINDA E DE NOITE. LITERATURA GALEGA SEC.XIX E CRISTIANISMO	Xosé Alvilares
OS CANTARES DO CANTAR	Xosé Carlos Rodríguez Herrán
REMEXER ROMA CON SANTIAGO. O CAMIÑAR HISTORICO DA EXPERIENCIA CRISTIÁ	Xosé Chao Rego
DA CECA A MECA: DIÑEIRO E PROFECIA	Xosé Chao Rego
NA FRONTEIRA DO MISTERIO - CREDO PARA XENTE NON CREDULA	Xosé Chao Rego
MISTERIO DO LUME	Xosé Chao Rego
HOMES DE FOLE. CONVERSAS DE ANXEL FOLE CON XOSÉ DE CORA	Xosé de Cora
NOVA CONCIENCIA NA IGREXA GALEGA	Xosé M. Rodríguez Pampín
CONVERSAS CON GONZALO TORRENTE BALLESTER CON CARLOS G. REIGOSA	Carlos G. Reigosa
REGRA DE SAN BIEITO	

2017 Feliz irmandade...

...en proceso



**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓNS:** Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / [subscripcións@asociacion-irimia.org](mailto:subscripcións@asociacion-irimia.org)  
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.shtml>

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**





*Fun forasteiro e acolléstesme*  
*[Mt 25, 35]*

A mesa de redacción  
deséxavos un  
esplendoroso 2017

# Falando da lingua Ano novo, con ben veñas...

Lidia e Valentina



A estes non lles ha facer moito chiste estas datas...

Morreu o can, acabouse a rabia... Vaia o demo con el... Deixádeo ir... Que o leven os demos... Boi morto, cornos que non turrán, entenderedes outros... Isto vénnos á cabeza cando pensamos que está a rematar o ano... Non o valoramos como dos mellores, pero xa sabedes, ás veces pasa aquilo

de “aínda pode ser peor”; “o peor estar por vir” ou “malo virá que bo me fará”; ou “tras de min virá quen bo me fará”... Así e todo, ímolo despedir...

Cando a revista chegue ás vosas mans, xa terá sido o solsticio de inverno, ese fenómeno natural que ocorre o 21 ou 22 de decembro, cando entra o inverno. A partir dese día, as noites empezarán a minguar e os días a medrar. Aínda que tirando do refraneiro digamos que *Pola Santa Lucía mingua a noite e medra o día*, non é certo de todo, a Santa Lucía xa foi o 13. E falando de santos, sabedes que este mes de decembro tamén é o mes de santa Baía? Santa Baía celébrase en Dumbría, na comarca de Fisterra, mais se cadra tamén pola vosa comarca e nós non o sabemos. Contádenolo e xa o anotamos para avisar a próxima. E tamén podedes darnos conta de cal é ou cal foi o voso menú de Nadal. Triunfa o marisco? Ou preferides capón, año, peixe variado... Parécenos que vai caendo algo en desuso o tradicional prato de bacallau con coliflor, ou non? Sexa como for, sempre nos resultou curioso que o bacallau atopase un lugar tan destacado nun-

ha terra onde hai tanto peixe fresco..., mais iso sae fóra da cuestión lingüística. Nós ímonos limitar a insistir en que bacallau, igual ca pau, acaban en **-u**, mentres que espírito faino en **-o**. E falando de espíritos (que non \*espíritus)..., veunos á cabeza o que escoitabamos de pequenas pola Noiteboa... Moito nos gustaba aquilo de non recoller a mesa nesa noite para que viñesen comer as ánimas dos que xa morreran. Nada de medo, era unha festa! Pola nosa zona, o que non se facía era servir un prato máis na mesa para eles. Abondáballes coas migallas e, para que se quentasen, deixábase-lles o lume prendido. En Verín seica se lles deixa cera e mais leite.

Non soubemos a razón da cera, pero si o do tizón de Nadal. E vós? Tedes por costume gardalo? Saberedes que en moitos lugares se acencía o lume cun gran cañoto, pero antes varriase a lareira para levar o vello e darlle paso ao novo. O tizón debía estar prendido na lareira ata Aninovo. Despois dese día, gardábase para acendelo cando había treboadas ou para protexer dunha desgraza.

**Feliz 2017!**

## O Fachineiro

### Antisistema

Hai etiquetas que a este fachineiro lle atacan abondo os nervios. Tres das que máis me fan dar lume cos cos dentes son populismo, radical e antisistema. Porque levo bastante mal que se tache de radical ou antisistema a CUP, poño por caso, cando racha fotos do cidadán Felipe de Borbón pero que nada se diga de *antisistemismo* cando se sacha en sanidade ou educación. A non ser que o sistema sexa o de *Luís, se fuerte*. Lembro coma se fose hoxe as palabras de Rajoy cando, hai catro anos, dixo aquilo de que “*la dependencia no es sostenible*”. E meu dito meu feito. Agora sabemos que se recortaron 3000 millóns de euros



na Lei de dependencia. Isto ocorreu na mesma semana na que se falou de pagarmos entre todos e todas as autoestradas de Madrid, unhas empresas privadas que non gañaron o que querían. Claro que as autoestradas non son entes abstractos e afastados.

Están xestionadas por Abertis, Sacyr, ACS e Bankia. Serán uns 5500 millón de euros. E cando Tsipras quere dar unha paga extra aos pensionistas máis empobrecidos, o mesmo presidente que lle enche os petos a Florentino Pérez afirma en Bruxelas que hai unhas normas e que están para cumprirse. Pero Tsipras é un antisistema.

A.Q.